



BASES DO CERTAME LITERARIO DAS LETRAS GALEGAS 2019

ÁMBITO DA TERRA CHÁ

(poderán participar tódolos rapaces/as da comarca da Terra Chá e tamén os de Vilalba)

1ª- Premio “**Manuel Mato Vizoso**”.- Para rapaces/as de 15 ata 18 anos inclusive, dotado con 210 euros e diploma ó mellor traballo en prosa galega. Tema libre, e cunha extensión máxima de 20 folios mecanografados a dobre espazo.

2ª- Premio “**Xosé María Chao Ledo**”.- Para rapaces/as de 15 ata 18 anos inclusive, dotado con 210 euros e diploma ó mellor poema inédito en galego de metro e tema libres, cunha extensión máxima de 75 versos.

ÁMBITO: CONCELLO DE VILALBA

(só poderán participar os rapaces/as do Concello de Vilalba)

3ª- Premio “**Xosé Lois García Mato**”.- Para rapaces menores de 15 anos dotado con 120 euros, e diploma ó mellor traballo en prosa galega de tema libre, cunha extensión máxima de 10 folios mecanografados a dobre espazo.

4ª- Premio “**Antonio García Hermida**”.- Para rapaces menores de 15 anos, dotado con 100 euros, e diploma ó mellor poema inédito en galego de metro e tema libres, cunha extensión máxima de 50 versos.

5ª- Premio “**Carmiña Prieto Rouco**”.- Para nenos e nenas menores de 10 anos dotado con 80 euros, e diploma ó mellor traballo inédito en prosa galega, tema libre e cunha extensión máxima de 5 folios mecanografados a dobre espazo.

6ª- Premio “**Antón Fraguas Fraguas**”.- Para nenos e nenas menores de 10 anos, dotado con 60 euros, e diploma ó mellor poema inédito en galego, de metro e temas libres, cunha extensión máxima de 20 versos.

7ª- O xurado reservarase a facultade de conceder os accésits, que estime oportunos, dentro de cada categoría sendo o seu valor a metade da cantidade do premio no que concursan.

8ª- Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente (art. 101.7 (35/2006) de 28 de novembro do imposto da renda das persoas físicas).

9ª- Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario Xuvenil “Letras Galegas”, serán dirixidos ó Concello de Vilalba facendo constar no exterior de sobre: “Para o Certame Literario Xuvenil Letras Galegas”, a base á que concorren e o lema ou pseudónimo que ademais deberá figurar na primeira páxina de cada exemplar.

En sobre pechado e á parte figurarán os datos persoais, enderezo e número de teléfono do autor así como o lema ou pseudónimo co que se presenta o traballo.

BASES APROBADAS POR DECRETO DE LA ALCALDÍA EL 12 DE ABRIL DE 2019

Fdo. La Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

10ª- O prazo de admisión de traballos rematará ás **14 horas do día 13 de maio** de 2019.

11ª- Polo feito de participaren no Certame, os autores aceptarán o dítame do Xurado que será inapelable e que estará formado por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes bases.

12ª- O Excmo. Concello de Vilalba poderá reproducir e publicar no xeito que considere oportuno os traballos premiados. Os non premiados serán destruídos xunto coas súas plicas.

13ª- Unha vez reunido o Xurado dará a coñecer os premios a través dos medios de comunicación, antes do 17 de maio de 2019.

14ª- Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslles que os datos que se solicitan nas presentes bases pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Vilalba, coa finalidade de xestionar a presente solicitude. Vostede pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose ás nosas oficinas coa súa solicitude e a fotocopia do seu DNI.

Vilalba, 12 de abril de 2019.

BASES APROBADAS POR DECRETO DE LA ALCALDÍA EL 12 DE ABRIL DE 2019
Fdo. La Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE